

<b>ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS E AMIGOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>
--

## **CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO**

### **Artigo 1**

Coa denominación **Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela** (co nome abreviado, ALUMNI USC), constitúese unha Asociación que se regula na actualidade ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Esta Asociación constituíuse por tempo indefinido.

### **Artigo 2**

A Asociación establece o seu domicilio social en Santiago de Compostela, rúa da Conga, número 1.

Así mesmo a Asociación establece unha delegación permanente en Lugo, na Praza de Pío XII, número 3.

A Asociación, por acordo da Asemblea Xeral, poderá establecer delegacións noutras localidades por necesidades do seu funcionamento ou polo número de membros asociados que estean concentrados nunha zona.

Así mesmo, a Xunta Directiva poderá nomear delegados seus, aos que se lles encomende a interlocución entre a Xunta Directiva e os membros residentes na área na que a Asociación ostente una delegación.

Do mesmo xeito a Asociación poderá, previo acordo da Xunta Directiva e aprobación na Asemblea Xeral, crear ou establecer, sen que adquiran personalidade Xurídica propia, clubs, grupos de actividades ou traballo, para a realización de calquera dos fins establecidos nestes Estatutos. Disporán non obstante, dunha marxe de actuación para auto-organizarse. Deberán autofinanciarse coas achegas dos seus integrantes ou interesados

na actividade específica -, sen prexuízo de que a Asociación se faga cargo de gastos complementarios, dado o interese da actividade ou evento

### **Artigo 3**

O ámbito territorial no que vai realizar as súas actividades a Asociación é todo o Estado español, aínda que preferentemente se desenvolverá na Comunidade Autónoma de Galicia. En especial, concentrará o maior número de actividades nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo por mor da ubicación nesas vilas dos dous Campus universitarios cos que conta a Universidade de Santiago de Compostela.

### **Artigo 4**

A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela ten como fins os seguintes:

1º Fomentar entre os membros da Asociación as relacións de compañeirismo e amizade que naceron durante os anos de formación universitaria na Universidade de Santiago de Compostela.

2º Vincular os membros da Asociación á Universidade de Santiago de Compostela.

3º Apoiar a Universidade de Santiago de Compostela cos recursos materiais e morais ao alcance da Asociación para contribuír á súa mellora e desenvolvemento, así como defender a dignidade e o prestixio da institución universitaria.

4º Vincular a Asociación aos fins e obxectivos da Universidade de Santiago de Compostela establecidos nos seus propios estatutos e nos diferentes planos estratéxicos, así como participar nos seus órganos de goberno.

5º Contribuír ao cumprimento das funcións sociais da Universidade e á súa proxección cultural.

6º Procurar a vertebración da sociedade ao redor da Universidade.

7º Fomentar a participación da sociedade no eido universitario facilitando a vinculación entre a sociedade e a Universidade de Santiago de Compostela.

8º Facilitar canles de orientación profesional, laboral ou de adquisición de actitudes e aptitudes para os egresados da Universidade de Santiago de Compostela.

9º A realización de actividades culturais, científicas, deportivas e de carácter divulgador que teñan que ver cos anteriores puntos e que sirvan para fornecer o compañeirismo entre antigos alumnos e membros da Asociación, así como coa comunidade universitaria e o resto da sociedade.

A título exemplificativo, enuméranse as seguintes.

- Realización de actividades culturais, como a presentación de libros, exposicións, conferencias ou eventos de divulgación científica.

- Participación e/ou organización de actividades deportivas de sendeirismo e de montañismo, así como calquera outro deporte que, polas súas características, impliquen fomentar relacións sociais e coa natureza e/ou co entorno.

- Organizar excursións e viaxes de carácter científica, cultural, histórico ou de índole científica.

A Asociación poderá, para levar adiante estes fins, artellar ou autorizar clubs ou grupos de traballo que desenvolvan unha actividade concreta ou tarefa –durante un período de tempo prolongado, semellante a un curso académico- e que garden unha certa autonomía respecto ao día a día da Asociación.

## **Artigo 5**

Para o cumprimento destas finalidades, a Asociación realizará una serie de actividades, entre as cales de xeito non exhaustivo se contemplan as seguintes:.

- 1º Organizar actos de confraternidade entre os seus membros, especialmente nas

datas conmemorativas das distintas promocións de exalumnos.

2º Publicar boletíns ou revistas en diversos soportes con novas referentes á vida universitaria, aos seus Antigos Alumnos e, en xeral, a todas as cuestións que lles afecten aos membros da Asociación.

3º Promover campañas a favor da Universidade de Santiago de Compostela para recadar fondos e axudas de todo tipo de institucións, empresas e particulares.

4º Estimular a creación ou ampliación de bolsas e premios para graduados da Universidade de Santiago de Compostela.

5º Proporlle á Universidade as actividades que estime oportunas para incrementar a súa proxección social e o seu servicio á sociedade.

6º Organizar actividades de perfeccionamento profesional e científico para posgraduados da Universidade.

7º A participación naqueles actos e actividades que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da Asociación.

8º A organización de eventos, tanto académicos coma culturais, divulgativos ou de opinión, encamiñados á consecución dos fins fixados nestes estatutos.

9º A participación activa na organización ou na celebración de cursos de formación continua ou cursos de verán, poñendo a disposición da Universidade os medios humanos da Asociación.

10º Colaborar na organización, realización e/ou intermediación de programas de prácticas ou de calquera outro tipo destinados á mellora curricular ou á adquisición de experiencia profesional de egresados ou de alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

11º Establecer relación con entidades sen ánimo de lucro, empresas privadas ou persoas físicas para levar adiante os fins estatutariamente previstos.

12º Establecer relación con Administracións e empresas públicas para conseguir os fins estatutariamente previstos, e en especial participar nos órganos consultivos, colexiados ou de calquera índole nos que sexa admitida e/ou requerida a participación desta Asociación, así como solicitar axudas ou subvencións para desenvolver proxectos relacionados cos fins desta Asociación.

13º Colaborar con institucións públicas e/ou privadas en proxectos de investigación, sondaxe ou estudo sociolóxico.

14º Interrelacionarse con outras Asociacións con fins análogos e, se é o caso, establecer convenios de colaboración con elas ou

adherirse e/ou incorporarse a alguna federación ou entidade de natureza asociativa con finalidades semellantes a esta Asociación.

15º Calquera outra actividade precisa para desenvolver os fins desta Asociación.

## **CAPÍTULO II: ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN**

### **Artigo 6**

A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e cinco vogais, ampliábles ata un máximo de dez, se así o acorda a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. Todos estes cargos non serán remunerados. Serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos.

A elección levarase a cabo mediante votación, que poderá ser secreta se o solicita un terzo da Asemblea, dos candidatos previamente proclamados segundo as seguintes normas:

- a) Poderán ser proclamados candidatos a calquera dos postos da Xunta Directiva, todos aqueles membros da Asociación que sexan propostos por outros cinco membros, polo menos, 72 horas antes da celebración da primeira convocatoria da Asemblea en cuxa orde do día figure a elección dos cargos aos que conorra o candidato.
- b) Unha persoa poderá ser proposta para varios postos con carácter subsidiario, pero só poderá ser nomeada para un deles.
- c) Se non se presentase ningún candidato a algún posto concreto, entenderase reelixido quen ostente o cargo para un período de dos anos máis.

- d) A Xunta Directiva anunciará cunha antelación mínima de oito días á data de celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria, a s í c o m o os cargos que corresponde renovar.

### **Artigo 7**

Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por:

- Renuncia voluntaria comunicada por escrito á propia Xunta;
- Por incumprimento das obrigas que tiveren encomendadas;
- Por expiración do mandato.

### **Artigo 8**

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixido, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

### **Artigo 9**

A Xunta Directiva reunirse ordinariamente unha vez cada dous meses e con carácter extraordinario tantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de, polo menos, cinco dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empatar, o voto do Presidente será de calidade.

### **Artigo 10**

Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Memoria, os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de Socios.

As deliberacións da Xunta Directiva relativas a adquisicións, cambios e enaxenacións de inmobles necesarios para os obxectos perseguidos pola Asociación, constitucións de hipotecas sobre estes mobles que forman parte da dotación, así como os préstamos, deberán ser sometidas á aprobación da Asemblea Xeral.

### **Artigo 11**

O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.



## **Artigo 12**

O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e conservará as mesmas atribucións que este.

Rematado o mandato do Presidente/a, ou tendo dimitido por causas excepcionais, a Xunta Directiva poderá presentar diante da Asemblea Xeral unha proposta para nomealo/a, presidente/a de honra, razoando o seu mérito e valía.

## **Artigo 13**

O Secretario terá ao cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o arquivo dos asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais que se poidan inscribir nos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

## **Artigo 14**

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

## **Artigo 15**

Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

## **Artigo 16**

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre eses membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

## **CAPÍTULO III: ASEMBLEA XERAL**

### **Artigo 17**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

### **Artigo 18**

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano, dentro do prazo dos catro meses ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde o cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

### **Artigo 19**

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, o día e a hora da reunión, así como a orde do día con mención concreta dos asuntos para tratar. A convocatoria poderá ser remitida por correo electrónico, correo ordinario ou por calquera outro medio que garanta que o receptor poida dispoñer dela integramente e por escrito.

A Asemblea, para estar validamente constituída, precisará dun *quórum* de, alomenos, unha terceira parte dos membros da Asociación con dereito a voto, presentes ou representados mediante delegación de voto expresada por escrito. De non alcanzarse ese *quórum*, quedará validamente constituída con calquera porcentaxe de asistentes. Na convocatoria poderá facerse expresión das dúas convocatorias, sendo a segunda subsidiaria á primeira de non alcanzarse o *quórum* esixido.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán que mediar polo menos quince días.

Entre a primeira e a segunda convocatoria non poderá existir un prazo inferior á media hora.

## **Artigo 20**

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concurran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas, para:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas e administradores.
- b) Acordo para constituír unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou enaxenación de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

## **Artigo 21**

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.

- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias
- e) Calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea  
Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.

## **Artigo 22**

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

## **CAPÍTULO IV: SOCIOS**

### **Artigo 23**

Poderán pertencer á Asociación:

- a) Todas aquelas persoas que tiveran unha escolaridade mínima dun ano académico na Universidade de Santiago de Compostela. Os profesores da Universidade de Santaigo de Compostela cun mínimo dun ano de docencia.
- b) Todas as persoas que, sen posuír os requisitos sinalados nos dous parágrafos anteriores, manifesten o seu desexo de pertencer á Asociación e sexan presentados por dous asociados de número.

### **Artigo 24**

Poderán ser membros da Asociación:

- a) **Socios de número:** Son aqueles que cumpran calquera dos requisitos fixados no artigo anterior. A tal efecto, terán Dereito desde o momento do ingreso á expedición da carta ou tarxeta de identificación que a Universidade de Santiago de Compostela expida ao abeiro dos seus regulamentos e que confira o acceso a aqueles servizos que a propia Universidade estenda aos membros desta Asociación.
- b) **Socios de honra:** Son aqueles membros que, polo seu prestixio ou por ter contribuído dun xeito relevante á dignificación ou ao desenvolvemento da Asociación ou da Universidade de Santiago de Compostela, se fagan acreedores de tal distinción.

O nomeamento de socios de honra corresponderalle á Asemblea Xeral Extraordinaria a proposta da Xunta Directiva.

- c) **Socios protectores:** Son aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que colaboren economicamente co sostemento da Asociación, patrocinándoa, cooperando nalgunha actividade ou evento, achegando alguna axuda ou apoiándoa doutro xeito.

A Asociación dará a coñecer, periódicamente, a listaxe de socios protectores, na súa páxina web.

Anualmente, coincidindo coa Asemblea Xeral Ordinaria, facilitaranse un balance público de altas e baixas en cada apartado.

**Presidentes de Honra.-** Son aqueles socios que, tendo desempeñado o cargo de Presidente da Asociación, obteñan tal recoñecemento pola Asemblea Xeral - a proposta da Xunta Directiva- como agradecemento e gratitude pola excepcional labor desenvolvida durante seu cargo.

Esta distinción será, sempre, un recoñecemento en vida.

## Artigo 25

Os socios causarán baixa polos seguintes motivos:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta

Directiva.

- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer as cotas periódicas.
- c) Por decisión ditada pola Asemblea Xeral, como consecuencia dalgún motivo imputable ao socio que poida representar menoscabo para a Universidade, a Asociación ou os fins que esta persegue. Será escoitado previamente.

### **Artigo 26**

Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxerencias aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos obxectivos da Asociación.

Para o seu exercicio será requisito imprescindible estar ao corrente no pago de cotas, derramas e demais achegamentos materiais que puideran corresponder a cada socio.

### **Artigo 27**

Os socios de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.

- b) Abonar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

### **Artigo 28**

Os socios de número e os protectores gozarán dos mesmos dereitos e obrigas.

En cambio, os socios de honra terán as mesmas obrigas que os de número, a excepción das previstas nos apartados b) e d) do artigo anterior.

De igual xeito, gozarán dos mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 26, podendo asistir en todo caso ás Asembleas con voz pero sen dereito a voto.

## **CAPÍTULO V: RECURSOS ECONÓMICOS**

### **Artigo 29**

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.



As cantidades entregadas á Asociación para un fin determinado, serán respectadas no seu destino, segundo a vontade dos donantes. As axudas económicas que non veñan acompañadas dun obxectivo específico serán destinadas a aquelas actividades que a Xunta Directiva considere máis da súa conveniencia.

### **Artigo 30**

O patrimonio inicial ou Fondo Social da Asociación é de seis mil euros.

### **Artigo 31**

O exercicio asociativo e económico será anual e os seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

## **CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN**

### **Artigo 32**

Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, con arranxo ao disposto no artigo 20 dos presentes Estatutos.

### **Artigo 33**

No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, que, unha vez extinguidas as débedas, e de existir sobranse líquido, o destinará para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a unha ou a varias entidades similares ou de recoñecida utilidade pública e os bens inmoables pasarán a ser propiedade da Universidade de Santiago de Compostela.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Para todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.